

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 27 DE NOVEMBRO DE 1995.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vinteseite de Novembro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o pasado día 20 de Novembro pasado.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-**

Non houbo.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público, da fonte da Prata desta Vila.

Da farmaceutica titular, partes de cloración de augas de abastecemento de consumo público de San Paio e Ribadavia.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura relativa ó quilometraxe presentada por Don José Manuel Deaño Carballal, correspondente ó mes de Outubro, por importe de 17.352 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba-la certificación 1ª - 2ª xeral do Edificio Administrativo de Correos, que se refire a Estructura Xeral A, por importe de 5.589.645 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento das cantidades que de seguido se sinalan ós señores que tamén se detallan pola realización de servicos extraordinarios derivados da instalación do alumeado no Cemiterio Municipal, Don Manuel Rodríguez López, 14.100 pesetas; Don Manuel Vázquez González, 9.400 pesetas; Don Ramón Docampo Rodríguez, 18.800 pesetas; e por ultimo, Don José Miguélez Lorenzo, 12.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, de acordo co programa de Xestión de Demanda de Alumeado Público de Fenosa, acorda solicitar ofertas para realiza-la substitución das luminarias encandescentes ós intaladores eléctricos autorizados.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó proxecto PASARELA PEATONAL NA BERONZA, redactado por Don Rafael Llano de la Concha, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos.

**ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRA DE REHABILITACION DE INFRAVIVENDA RURAL EN SAN CRISTOVO (A ROTEA, 35).-**

Unha vez que se procedeu á apertura de plicas, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acordou: 1º.- Declarar válido o acto de licitación.- 2º.- Adxudicar definitivamente a obra de REHABILITACION INFRAVIVENDA RURAL EN SAN CRISTOVO, segundo proxecto técnico redactado polo Arquitecto, Don Javier Suances Matías, na calidade de Asesor Urbanístico do Concello a **FINSOBRA S.L.**, con domicilio na rúa Yáñez, 24, desta Vila, polo prezo de 2.180.027 pesetas, por se-la proposición máis avantaxosa economicamente das presentadas; a financiación da obra en cuestión, será con cargo a unha subvención do Instituto Galego da Vivenda e Solo que este Organismo concede ós Concellos para rehabilitación de infravivendas rurais. Na súa consecuencia, a Comisión Municipal de Goberno dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva, citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de cinco días dende a data da notificación.

**ADXUDICACION DEFINITIVA DO SERVICIO DE BAR CAFETERIA DO PAVILLON POLIDEPORTIVO DE RIBADAVIA POLO SISTEMA DE CONCURSO PUBLICO.-**

Transcorrido o prazo de cinco días dende a apertura de plicas e resultando que, durante o prazo hábil a tal fin unicamente só se presentou a proposición de MARIA DEL CARMEN RODRIGUEZ PEREZ, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acordou: 1º.- Declarar válido o acto de licitación.- 2º.- Adxudica-lo concurso para xestiona-lo servico de bar cafetería do Pavillón Polideportivo desta Vila a **DONA MARIA DEL CARMEN RODRIGUEZ PEREZ**, por se-la proposición máis avantaxosa de tódalas presentadas, pola cantidade de 25.000 pesetas mensuais e de acordo coas cláusulas do prego de condicións económico-administrativas que rexeron a adxudicación aprobadas polo Pleno na súa sesión ordinaria do 26 de Outubro de 1995. Na súa consecuencia, a Comisión Municipal de Goberno dispón que se lle notifique á adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva, citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de cinco días dende a data da notificación.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.

E sendo as oito menos cuarto do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.